



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Lingua Española 1		Código	613G01001	
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	Castelán				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Conde Noguerol, Eugenia	Correo electrónico	eugenia.noguerol@udc.es		
Profesorado	Conde Noguerol, Eugenia	Correo electrónico	eugenia.noguerol@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Estudo descritivo e instrumental da lingua española. Elaboración e análise de textos orais e escritos de diferentes ámbitos.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Coñecer e aplicar os principais mecanismos de descrición e análise dos compoñentes gramaticais e léxico-semánticos do español.	A1	B1	C1
	A2	B2	C3
	A3	B3	C6
	A11	B5	
	A14	B6	
	A15	B7	
	A19	B9	
	A23		
Coñecer e aplicar as técnicas de composición de diferentes tipos de textos.	A2	B2	C1
	A5	B3	C3
	A10	B4	C6
	A11	B5	
	A15	B7	
Producir textos orais e escritos dotados de cohesión e coherencia, e adecuados á situación comunicativa.	A5	B2	C1
	A9	B3	C3
	A10	B4	C4
		B5	C6
		B7	C7
		B8	
		B10	

Contidos

Temas	Subtemas
-------	----------



I. ESTUDO DESCRITIVO DA LINGUA	<p>1. O COMPOÑENTE MORFOLÓXICO</p> <p>2. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (I). As clases de palabras e os grupos sintácticos</p> <p>3. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (II). A oración simple</p> <p>4. O COMPOÑENTE SINTÁCTICO (III). A oración composta</p> <p>5. O TEXTO</p>
II. ESTUDO INSTRUMENTAL. ELABORACIÓN DE TEXTOS	<p>1. O PROCESO DE COMPOSICIÓN DE TEXTOS</p> <p>2. ELABORACIÓN DE TEXTOS ACADÉMICOS</p>

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A10 A11 A14 A19 A23 B1 B5 B9 B10 C3 C4 C6	30	20	50
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B1 B2 B5 B6 B7 C3	25	30	55
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A15 A19 B2 B4 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C6	5	9	14
Lecturas	A1 A3 A5 A11 A14 A23 B1 B3 B6 B7 B8 C7	0	15	15
Eventos científicos e/ou divulgativos	A1 A2 A3 A11 A14 B3 B5 B8 B9	2	0	2
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B4 B6 B7 B10 C1	2	10	12
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Impartiranse nas sesións comúns de carácter expositivo. A profesora presentará os temas e desenvolverá os apartados que se consideren de especial dificultade.
Solución de problemas	Exercicios prácticos nos que se aplicarán os contidos do temario. Proponse unha metodoloxía activa, o que supón que o estudante se implique na aprendizaxe e traballe con asiduidade.
Obradoiro	Desenvolverase un obradoiro de composición de textos. O obradoiro sustentarse basicamente no traballo persoal de cada alumno e no traballo grupal; sexa nun caso ou sexa no outro, a profesora tutelarará constantemente a aprendizaxe do estudante.
Lecturas	O alumno preparará, fóra de clase, as lecturas que a profesora indique.



Eventos científicos e/ou divulgativos	Asistencia e participación en eventos científicos ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicións, etc.) que permiten profundizar no coñecemento de temas de estudo relacionados coa materia.
Proba mixta	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo os días sinalados oficialmente pola facultade. Nesta proba avaliarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica. Así mesmo, valorarase notablemente a corrección no uso da lingua.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Lecturas Solución de problemas Obradoiro	<p>Alumnos con dispensa académica recoñecida ou a tempo parcial: favorecerase o uso de tutorías presenciais ou telemáticas como apoio á docencia. Por outra banda, aplicaráselles o mesmo sistema de avaliación, mais con maior flexibilidade nas datas de entrega, que se acordarán entre profesores e alumno.</p> <p>Fomentarase as tutorías para todas as metodoloxías que o requiran, como as actividades que precisen dunha fase de preparación e seguimento. Así mesmo, atenderase aos alumnos ao longo de todo o curso para resolver dúbidas da materia, tanto para a primeira edición de actas como para a segunda. Finalmente, analizaranse tamén individualmente os resultados das actividades e probas.</p> <p>As tutorías poderanse levar a cabo persoalmente ou mediante correo electrónico. No primeiro caso, os alumnos acudirán ao gabinete dos profesores no horario establecido, que se fará público a principio de curso.</p> <p>A posible atención a alumnos con necesidades especiais abordarase desde esta perspectiva de atención individual, ben en tutorías, ben en clase. Se é preciso deseñaranse actividades especiais.</p> <p>Polo que respecta aos alumnos con dispensa académica recoñecida, adicaranse as sesións de tutoría (presencial ou por correo electrónico) para o seguimento da súa actividade académica.</p>

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B4 B6 B7 B10 C1	Realizarase unha proba mixta en xaneiro e outra en xullo (segunda oportunidade) os días sinalados oficialmente pola facultade. Neste exame evaluaranse todos os temas incluídos no estudo descriptivo da lingua (primeiro bloque do temario). Valorarase a consecución das competencias adquiridas: o coñecemento dos mecanismos básicos de descrición do español, a asimilación das lecturas realizadas e a aplicación destes coñecementos á práctica.	50
Solución de problemas	A1 A2 A3 A5 A9 A11 A14 A15 A19 A23 B1 B2 B5 B6 B7 C3	Avaliación de actividades e probas que se realizarán a lo longo do cuadrimestre.	30
Obradoiro	A1 A2 A3 A5 A9 A10 A11 A15 A19 B2 B4 B6 B7 B8 C1 C3 C4 C6	Valorarase a produción de textos dotados de coherencia e cohesión, adecuados á situación comunicativa e correctos. O obradoiro avaliarase mediante unha tarefa dacordo coas indicacións que se farán públicas a través do Campus Virtual.	20

Observacións avaliación



Na avaliación desta materia tomaranse en consideración as probas de solución de problemas (30 %), a actividade do obradoiro (20 %) e a proba mixta (50 %). Para superar a materia, a calificación mínima da proba mixta deberá ser de 5 puntos sobre 10.

A actividade do obradoiro entregarase a través do Campus Virtual dentro do prazo fixado. A entrega de actividades fóra de prazo penalizarase na nota correspondente.

As actividades, os textos e os exames deben cumprir unhas esixencias mínimas de corrección lingüística (ortografía, concordancia sintáctica, ausencia de reiteracións, precisión léxica, rexistro formal, etc.). Faltas de ortografía como uso incorrecto de tildes, puntuación, etc., descontarán 0,2 puntos; no caso das faltas graves, descontarase 0,5 puntos.

Calquera falta de honradez académica (plaxio, á dicir, utilización de textos ou ideas de outros autores sen indicar a procedencia, copiar traballos, copiar en exames, ou outras formas) penalizarase de acordo co establecido na normativa académica. Lémbrese que o profesorado dispón da ferramenta "Turnitin" para a detección do plaxio.

CUALIFICACIÓN DE NON PRESENTADO (NP)

Cualificarase como "non presentado" a quen no se presente ao exame final oficial, nin na primeira oportunidade (xaneiro) nin na segunda (xullo), independentemente do número de actividades entregadas.

SEGUNDA OPORTUNIDADE

Na segunda oportunidade poderanse recuperar os instrumentos de avaliación arriba descritos (solución de problemas, obradoiro e proba mixta) coas mesmas porcentaxes que na primeira oportunidade.

CONVOCATORIA ADIANTADA DE DECEMBRO

Na convocatoria adiantada de decembro a avaliación consistirá nun exame teórico-práctico.

ALUMNOS CON DISPENSA ACADÉMICA

Aos alumnos con dispensa académica recoñecida se lles aplicará o mesmo sistema de avaliación. Deben poñerse en contacto cos profesores antes de finalizar o mes de setembro.

ALUMNOS CON MEDIDAS DE APOIO Á DIVERSIDADE

A materia poderá ser adaptada ao estudiantado que precise da adopción de medidas encamiñadas ao apoio á diversidade consonte ás indicacións da Unidade de Atención á Diversidade (<https://www.udc.es/cufie/ADI/>), coa que se deberá contactar nos prazos establecidos por esta unidade. Pódese contar tamén co asesoramento da titora ADI da facultade (pat.filoxia@udc.gal).

Fontes de información

Bibliografía básica	Aguirre, Carmen (2013): Manual de morfoloxía. Barcelona: Castalia. Aleza, Izquierdo, Milagros, coord., (2011): Normas y usos correctos en el español actual. Valencia: Tirant lo Blanch. Andión Herrero, María Antonieta (2005): Modalidades textuales, en Gutiérrez Araus et al., Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces, pp. 345-360. Briz Antonio, coord., (2006): Saber hablar. Madrid: Aguilar. Gómez Torrego, Leonardo (2010): Gramática didáctica del español. Madrid: SM. Gutiérrez Araus, María Luz et al. (2005): Introducción a la lengua española. Madrid: Centro de Estudios Ramón Areces. Hernánz, María Lluïsa y J. María Brucart (1987): La sintaxis. Barcelona: Crítica. Montolío, Estrella, dir., (2014): Manual de escritura académica y profesional. Barcelona: Ariel. Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2001): Diccionario de la lengua española: Madrid: Espasa Calpe. Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2005): Diccionario panhispánico de dudas. Madrid: Espasa Calpe. Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2010): Nueva gramática de la lengua española. Manual. Madrid: Espasa Calpe. Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2011): Nueva gramática básica de la lengua española: Madrid: Espasa Calpe. Real Academia Española y Asociación de Academias de la Lengua Española (2012): Ortografía básica de la lengua española. Rojo, Guillermo y Tomás Jiménez Juliá (1989): Fundamentos del análisis sintáctico funcional. Santiago: Universidad de Santiago de Compostela. Sánchez Lobato, Jesús, coord., (2006): Saber escribir. Madrid: Aguilar. Serrano Serrano, Joaquín (2002): Guía práctica de redacción: Madrid: Anaya. Varela Ortega, Soledad (2005): Morfoloxía léxica: la formación de palabras. Madrid: Gredos.
Bibliografía complementaria	En cada tema proporcionarase bibliografía específica. Os alumnos teñen que estar atentos con asiduidade ao Campus Virtual, onde se poñerá material necesario para o adecuado seguimento da materia: esquemas, exercicios, lecturas, entre outros.

Recomendacións



Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Para o aproveitamento óptimo dos recursos docentes proporcionados recoméndase a asistencia a todas as clases, tanto ás sesións expositivas, nas que se explican os contidos principais da materia, como ás clases interactivas, nas que se traballa na aplicación dos contidos teóricos e se practican cuestións relevantes da materia. ALUMNOS ERASMUS E DE INTERCAMBIO Recoméndase, como mínimo, un nivel de español B1 para matricularse na materia.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías